



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

As estreas en Galicia dos novos espectáculos de Leo Bassi, Titzina Teatro e David Espinosa, e o arranque da nova edición do Certame Metro Cadrado, pratos fortes no ecuador do FIOT31

O auditorio do Pazo da Cultura acolle esta fin de semana, no marco do Programa de Sala, as primeiras funcións en teatros galegos de 'Búho' (sábado 15) e '70 años: Leo Bassi' (domingo 16); ambas compañías participarán na 'Escola do espectador nas ondas', que guiará Daniel Galindo.

Comeza a sexta edición do Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado con catro funcións, en horario de mañá e tarde, das creacións 'Menú-do día', do Colectivo #ChamizoBelloVila, e 'Cinecleta, cinema doméstico a pedais' de Sr. Lili.

O Teatro de Rúa despídese este venres 14 coas 'Malabarabilidades' con, Fran Boza; mentres que o ciclo OTNI acolle a estrea en Galicia de 'Conferencia espectacular,' de David Espinosa.

Unha 'regueifa' entre creadores dixitais que se unen por vez primeira nun escenario será a cita nocturna desta fin de semana da Rúa dos Contos: o coñecido Pablo Meixe e o bergantiñán Adrián do Regenco actuarán no Mercado municipal o sábado 15 a partir das 23.00 horas.

O FIOT en ruta pecha o seu programa o mércores 12 con 'Esas cousas maravillosas', a adaptación da obra de Duncan Macmillan que presentará Empatía Teatro no Centro Social de Ardaña.

Carballo, 10 de outubro de 2022.- O Festival Internacional Outono de Teatro prepara a súa terceira fin de semana de programación ategada de **humor, creación emerxente e 'VocesFIOT' de marcado carácter.** As estreas en Galicia de 'Búho', de Titzina Teatro, e '70 años: Leo Bassi', do mítico clown italiano, centran a programación do **Programa de Sala** e da **Escola do espectador nas ondas**; mais non serán os únicos pratos fortes da fin de semana: este sábado 15 comeza a sexta edición do **Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**. Ademais, os humoristas Pablo Meixe e Adrián do Regenco serán protagonistas dunha noite da Rúa dos Contos no Mercado municipal. O programa completárase coa última función do Teatro de Rúa na praza do Concello da man do malabarista Fran Boza e unha segunda cita co ciclo OTNI, que acollerá a estrea galega de 'Conferencia espectacular', de David Espinosa.

As VocesFIOT falarán alto e claro esta fin de semana en Carballo. No ecuador do certame chega a **estrea en Galicia de 'Búho', da compañía catalá Titzina**, unha das máis destacadas do teatro contemporáneo en España grazas as súas propostas afinadas, fondas e poéticas. **Titzina Teatro** crea as súas obras a partir dun longo traballo de investigación antropolóxica, de entrevistas e convivencias, explorando con gran sensibilidade as relacións e os conflitos cotiáns, que elevan a unha dimensión cómica e trágica. Desta quenda presenta en primicia en Galicia **un espectáculo visualmente suxerente, onírico e cunha linguaxe trepidante que combina diversas artes escénicas.** A través da música, da interpretación e da escenografía, 'Búho' constrúe un relato dirixido a todo tipo de públicos que se mergulla na busca interior da memoria do protagonista á fin de recuperar os seus recordos e a súa identidade logo de sufrir un ictus que lle provoca amnesia severa.

Outra das VocesFIOT será a de **Leo Bassi**, quen regresa a Carballo 25 anos despois da súa primeira actuación en Galicia e que, precisamente, tivo lugar no FIOT. Pallaso, bufón e axitador de emocións, Bassi reivindica a risa como a raíz existencial do seu desexo de provocar. O seu instinto creativo e o seu carácter transgresor foron os que, precisamente, marcaron un fito na traxectoria do FIOT hai 25 anos. Cando aínda era un gran descoñecido para a meirande parte do público, o festival convidou ao cómico a participar na súa



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

programación: naquela función, na que as e os asistentes saíron á rúa guiados polo artista, agromou o compromiso do FIOT coa sorpresa e a innovación. Agora volve para estrear '**70 años: Leo Bassi**', peza na que fai balance sobre os seus máis de 60 anos sobre as táboas, á vez que esixe que se respecte tanto a súa vellez como os anos de experiencias acumuladas. A través da súa memoria e do humor, descubrirá ao público do Pazo da Cultura a relevancia de volver ao humanismo e aos instintos.

Precisamente tanto Titzina coma Leo Bassi participarán na nova edición da **Escola do Espectador nas ondas**, que esta fin de semana celebrarase os días 15 e 16 de outubro da man do xornalista de RNE especializado en artes escénicas **Daniel Galindo** (presentador e director de La Sala en RNE). A conversa, que se gravará ao vivo, estará dispoñible á semana seguinte no espazo **Onda FIOT** da web oficial www.fiot.gal.

Comeza o Metro Cadrado

Outro dos fitos máis significativos desta fin de semana do FIOT chegará o sábado 15, pois dará comezo a sexta edición do **Certame de Micro-Escenas Metro Cadrado**, a liña de programación que promove a creación de pezas escénicas experimentais en espazos non teatrais e singulares de Carballo. O sábado poderanse ver ata catro funcións de dous espectáculos de breve duración: 'Menú-do día', do Colectivo #ChamizoBelloVila, e 'Cinecleta, cinema doméstico a pedais', de Sr. Lili.

O primeiro deles, que se poderá ver no Mercado municipal, pon o foco nas violencias continuadas que vive o colectivo LGTBQI+. O colectivo creado por Alberte Bello e Diego Chamizo tece unha historia que confronta odio e disidencia, escuridade e luz, tristura e aceptación. #ChamizoBelloVila busca amosar unha realidade posible capaz de romper a norma e xerar unha sociedade máis avanzada e inclusiva. Pola súa banda, Fernando Pujalte levará até o Estudio de fotografía Criss Becerra a súa singular 'Cinecleta', un proxecto de recuperación e exhibición de películas de cinema doméstico en formato 8mm, Super8 e 16mm. Con humor, Sr. Lili presentará nun formato didáctico e entretido algúns destes documentos cinematográficos recuperados.

Tal e como é habitual no Certame Metro Cadrado, o acceso será libre e gratuito ata completar o número de prazas de cada función, mais recoméndase facer reserva previa a través de fiot.microteatroentrada@gmail.com, indicando o nome do espectáculo, horario no que se queira asistir, nome e apelidos das ou dos asistentes e teléfono de contacto.

Despedida do FIOT en ruta e Teatro de Rúa

A programación do FIOT desta semana comezará o mércores 12 no Centro Social de Ardaña, coa segunda e última cita do **FIOT en ruta**, a liña de programación que expande as artes escénicas pola comarca bergantiñá. A compañía **Empatía Teatro** presentará '**Esas cousas maravillosas**', unha divertida e conmovedora comedia sobre a depresión, o suicidio e todo o que unha persoa está a disposta a facer polas persoas que quere. A cita con esta obra, unha adaptación de Avelino González a partir do fenómeno teatral mundial escrito por Duncan Macmillan, será ás 19.00 horas.

Na tarde do venres 14 chegará a quenda do rei galego dos malabares: **Fran Boza**. A mocidade do artista, que xirou internacionalmente con distintos circos, sorprenderá ao público carballés: humor, malabares con bolas ou mazas serán algúns dos ingredientes do espectáculo '**Malabarabilidades**', dirixido por Fran Rei, e que pechará o ciclo Teatro de Rúa do FIOT a partir das 19.30 horas na Praza do Concello. Xa en horario nocturno, contra ás 21.00 horas, terá lugar a **estrea en Galicia de 'Conferencia espectacular', de David Espinosa**, na que o artista -con longo percorrido a nivel internacional coas súas montaxes, nas que achega a escena experimental ao público- combina a palabra con obxectos, maquetas e sombras nun parladoiro sobre o xurdimento das novas escenas ou dos formatos teatrais máis innovadores. O XII Ciclo OTNI (Obxecto Teatral Non Identificado) acolle así unha **divertida clase maxistral sobre a vangarda teatral**, na que non faltarán referencia a creacións de Peter Brook, Fura dels Baus, Mal Pelo, Needcompany ou Els Joglars, entre outras voces singulares.



Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo 2022

Pola noite a creación emerxente seguirá tendo especial protagonismo, coa participación na Rúa dos Contos de dúas das voces novas máis virais do momento en Galicia: os humoristas **Pablo Meixe** e **Adrián do Regenco**. Ambos presentarán os seus espectáculos 'Quen aguanta isto?' e 'Así son' no Mercado municipal, contra as 23.00 horas, nunha noite na que ambos cómicos darán boa conta do porque do seu éxito no eido virtual.

AXENDA FIOT31 MÉRCORES 12-DOMINGO 16

Mércores 12 de outubro

19.00 horas no Centro Social de Ardaña

FIOT en ruta | 'Esas cousas maravilosas', de Empatía Teatro.

Venres 14 de outubro

19.30 horas na Praza do Concello

Teatro de Rúa | 'Malabarabilidades', de Fran Boza.

21.00 horas no Pazo da Cultura | Salón de actos

Ciclo OTNI | 'Conferencia espectacular', de David Espinosa **(ESTREA EN GALICIA)**.

Sábado 15 de outubro

12.00, 13.00, 18.00 e 19.00 horas no Mercado municipal (andar 0)

Metro Cadrado | 'Menú-do día', de Colectivo #ChamizoBelloVila

13.00, 13.30, 19.00 e 19.30 horas no Estudio de fotografía Criss Becerra

Metro Cadrado | 'Cinecleta, cinema doméstico a pedais', de Sr. Lili.

13.00 horas no Pazo da Cultura | Salón social

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Daniel Galindo e membros de Titzina Teatro.

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | 'Búho', de Titzina **(ESTREA EN GALICIA)**.

23.00 horas no Mercado municipal

Rúa dos Contos | 'Quen aguanta isto?', de Pablo Meixe, e 'Así son', de Adrián do Regenco.

Domingo 16 de outubro

18.00 horas no Pazo da Cultura | Salón social

Onda FIOT | Escola do espectador nas ondas. Con Daniel Galindo e Leo Bassi.

20.30 horas no Pazo da Cultura | Auditorio

Programa de Sala | '70 años: Leo Bassi', de Leo Bassi **(ESTREA EN GALICIA)**.

Contacto de prensa | comunicacion@fiot.gal

Luisa Castiñeira (620 113 155) e Lucía Pita (675 404 321)

Sala de prensa #FIOT31 | www.fiot.gal/prensa